

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DA LONXA DE MUXIA

O artigo 20 do decreto 419/1993 do 17 de decembro polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, establece que as entidades xestoras de lonxas deberán confeccionar un regulamento de réxime interior, o cal , unha vez aprobado polo órgano competente, se lle remitirá á Consellería competente en materia de pesca.

O xestor da lonxa aprobara un Regulamento de réxime interior da primeira venda no que necesariamente, segundo o artigo 20 do devandito Decreto, se deberá contemplar o horario de vendas, sistemas de quedas de venda, puntos de venda autorizados, efectividade da venda, dereitos e deberes dos compradores e vendedores, cobros e pagamentos, rexistro de vendas, composición da comisión de vendas, de existir, e función da mesma, debendo dar traslado deste regulamento á Consellería competente en materia de pesca.

DO HORARIO DE VENDAS E DIAS DE SUBASTA

1. A venda realizarase de luns a venres, agás aqueles días declarados non laborables en todo o territorio nacional.
2. A entidade xestora organizará as vendas dos diferentes tipos de pesca cos horarios axeitados ás arribadas da flota. Segundo o anterior, o horario de apertura da lonxa, será de 10:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00 horas. Póxanse as especies procedentes dos distintos sectores nas seguintes horas:



- Poxa dos moluscos bivalvos: (Navalla e Longueirón), ao remate da xornada laboral das propias embarcacións. A mercancía é pesada na propia lonxa e posteriormente se somete a poxa.
- Percebe: as 17h00
- Peixe e resto de Especies: As 18h00

En todo o caso, dito horario deberá vir aprobado pola Consellería competente en materia de pesca.

3. Establecerase un horario para a recollida da pesca ou marisco na lonxa, quedando terminantemente prohibido levar as especies á lonxa cando resten 15 minutos para comezar a poxa, agás nos casos de forza maior debidamente xustificados.
4. A lonxa permanecerá pechada para a actividade comercial fora dos horarios determinados previamente ou ó remata-la última poxa.
5. A entidade xestora da lonxa poderá, en casos excepcionais, modificar o horario da poxa, se existe, comunicando dita modificación a consellería competente en materia de inspección pesqueira.





DA VENDA E DA POXA

1. En virtude do art.9 do Decreto 101/2006, permítese a venda directa e calquera modalidade de venda que os produtores pretendan levar a cabo, garantindo o xestor da lonxa a transparencia na mesma.
2. A poxa realizarase por especies e tamaños a subastar na lonxa. Ao comezar a venda o subastador anunciará a especie a poxar debendo indicar a cantidade e clase de molusco ou peixe, podendo establecer un prezo mínimo para cada especie.
3. A entidade xestora da lonxa poderá establecer os sistemas de comercialización dos produtos da lonxa, cumprindo o indicado no punto 1 deste apartado, comunicando de xeito voluntario á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería o Mar, as modalidades de venda cunha periodicidade semestral.
4. Non se permitirá, a comercialización das especies de tamaño ou peso inferior ao regulamentario, nin aquelas especies que se atopen en veda ou con prohibición expresa de extracción por motivos de saúde publica.
5. A entidade xestora da lonxa poderá retirar aquelas especies que estime non ser aptas para a súa comercialización e daralle conta ao/aos propietario/s de ditas especies e se é necesario aplicaranse as normas que sexan precisas para cumprir coa lexislación vixente en materia de comercialización e sanidade pública e daralle conta á Administración competente para os efectos oportunos. Neste caso entendese autorizada a lonxa para reter esa especie ata que se persoen os axentes de inspección pesqueira ou persoal da administración sanitaria competente.
6. Dentro da zona de venda soamente permitiranse a presenza de compradores e persoal autorizado pola entidade xestora da lonxa, debidamente identificada.





7. Unha vez expostas as especies, estas non poderán ser manipuladas, tocadas ou examinadas por ningún dos posibles compradores, podendo realizar esta función única e exclusivamente o persoal de lonxa.
8. Adxudicadas en firme as especies poxadas, o comprador ou adquirente das mesmas non poderá renunciar á compra, sen prexuízo de futuras reclamacións.



DAS OBRIGAS DOS VENDEDORES

1. Soamente poderán vender peixe ou marisco en fresco as persoas físicas ou xurídicas que teñan en vigor o oportuno permiso de explotación.
2. Os propietarios das especies vendidas nesta lonxa están obrigados a abonar as porcentaxes de venda fixadas polo xestor da lonxa para os vendedores, así como todas as tarifas, taxas e impostos de aplicación a esta actividade económica, que se farán constar na factura emitida pola lonxa.
3. A entidade xestora da lonxa cobraralle ao propietario das especies, polos servizos de lonxa, unha porcentaxe do 4% sobre o valor da pesca ou marisco. Dita porcentaxe é acordada polo xestor da lonxa e dito acordo debe estar exposto no taboleiro de anuncios da lonxa.
A entidade xestora da lonxa poderá cobrarlle aos vendedores, por retirada dos produtos na poxa, ata o 1% sobre o valor do peixe ou marisco.
4. Os propietarios das especies deberán respecta-los topes de captura acordados. No caso de exceso de tope, este será devolto ao mar para o marisqueo, e noutros casos será entregado a institucións benéficas. Nestes casos, o propietario da especie xunto con dúas persoas máis designadas polo xestor da lonxa, realizarán tal encomenda, levantándose acta da mesma, da que se lle dará unha copia a tódolos implicados.
5. Os propietarios das especies deberán acreditar pasar polos puntos de control e indicar o banco de extracción para realizar a pesaxe das capturas coa correcta identificación do produto na súa etiqueta indicados polo persoal da lonxa, respectando as quendas e horarios establecidos.
6. Os propietarios das especies deberán respectar as instrucións dadas polo persoal da lonxa, colaborando o desenvolvemento da súa función.





7. Os propietarios das especies deberán facilitar ao persoal da lonxa a documentación que acredite a súa condición cando sexa requirido polo persoal da lonxa.
8. A entidade xestora da lonxa, no momento de recibila mercadoría, emitirá un albarán ao vendedor que terá que conter necesariamente os seguintes datos:
 - Entidade xestora
 - Identificación do produtor ou embarcación
 - Identificación das capturas e cantidade de quilos
 - Data
9. O vendedor terá dereito a ser informado dos prezos resultantes da poxa, mediante publicación diaria no taboleiro de anuncios da lonxa o día das vendas e a través de aplicacións móbiles da confraría.
10. O vendedor terá dereito a recibir no día acordado pola lonxa, o importe das vendas efectuadas, mediante cargo en conta ou pagará.
11. O vendedor terá dereito a que se lle expida unha factura de venda polos produtos vendidos.
12. O vendedor poderá retirar da poxa as especies aportadas para a venda, debendo neste caso abonar o 1% polo servizo de lonxa. Se o vendedor non quere vender o produto na poxa inmediatamente posterior deberá cumprimentar a declaración de recollida e se o quere vender noutra lonxa o produto deberá ir acompañado do documento de transporte. Ambos documentos deberán ser emitidos polo xestor da lonxa que comprobará o cumprimento de tódolos requisitos legais.
13. O vendedor terá dereito a coñecer cunha antelación de 72 horas os cambios no horario de poxa, sistema de poxa, modalidade de cobro, apertura e peche de lonxa, así como calquera outra modificación ou alteración no funcionamento da lonxa ou dos seus servizos.



DOS COMPRADORES

1. Terán consideración de compradores de produtos frescos da pesca e do marisqueo nesta lonxa, os establecidos nas letras a), b), c), d) do artigo 14 do Decreto 419/93 modificado polo Decreto 101/2006.
2. Os citados compradores poderán adquirir os produtos postos á venda por medio dos mecanismos que dispón a lonxa (mandos de parada, a voz, compra remota diferida ou compra remota en tempo real e a través de medios telefónicos).
O medio telefónico establece que o comprador que indica o maior prezo se leva o produto subastado, se varios compradores dan para o mesmo produto igual prezo, o xestor da lonxa repartirá equitativamente o produto coa mesma cantidade de quilos.

Dereito dos compradores

- a) Que se lles facilite tódolos medios materiais para participar na venda en igualdade de condicións, sen prexuízo do pago establecido polo uso deses medios.
- b) Unha vez rematada a venda ou a súa participación na mesma, teñen dereito a que se lle faga entrega do correspondente albarán, factura ou documento de transporte que acompañe a mercadoría. Unha vez abandonada a lonxa, non se admitirá reclamación algunha sobre a adquisición da mercadoría.
Esta factura ou albarán deberá conter como mínimo os seguintes datos (Orde 8 de febreiro de 2008):
 - Lonxa de orixe
 - Data de transacción
 - Identificación das especies transportadas e a súa cantidade
 - Lugar de destino (domicilio fiscal do comprador)

No caso de emitir factura, deberá conter ademais o establecido no art.2





do Real Decreto 1496/2003 (B.O.E. 29/11/2003)

Para os efectos de trazabilidade terá dereito a que lle facilite ademais, a zona de captura, método de produción e arte conforme ao establecido legalmente.

- c) A que os importes das súas compras sexan cargados na conta bancaria que o comprador indique. En caso de variación na conta, o comprador comunicará cunha antelación mínima de 5 días, debendo presentar unha garantía dunha entidade financeira por un importe mínimo de 3000€.
- Se o comprador modifica, cambia a razón social ou unha alta nova, este terá que depositar unha garantía dunha entidade financeira por un importe mínimo de 3000€. Ata que dito feito non se confirme, terá que aboar diariamente o importe de compra de moluscos ou peixe por transferencia ou efectivo.

Dos deberes dos compradores.

1. Os compradores desta lonxa estarán obrigados a:
 - a) Presentar os avais de garantía que a entidade xestora da lonxa estime oportunos para poder mercar na mesma.
 - b) Inscribirse no rexistro de compradores que a entidade xestora ten nas súas dependencias.
 - c) Os compradores deberán colaborar co persoal no servizo da lonxa e obedecerán as instrucións do mesmo durante o desenvolvemento da subasta.

2. Os compradores veranse obrigados a paga-la mercadoría adquirida da seguinte forma:
 - a) Domiciliación bancaria, transferencia ou pagaré, previa existencia o esixencia de aval bancario.
 - b) Excepcionalmente, mediante pago o contado.

Naqueles casos en que o comprador non faga efectivo o pago no prazo sinalado para o vencemento do mesmo, executarase a garantía presentada.





3. Aquel comprador que non regularice a súa situación económica coa lonxa non poderá acceder á subasta ata que salde tódalas débedas pendentes.

4. O xestor de lonxa que sufra continxencias de faltas de pagamento dará conta dos mesmos ao resto dos xestores de lonxas para a levanza dun rexistro actualizado.





DAS OBRIGAS DO XESTOR DA LONXA

1. O xestor da lonxa deberá designar persoal propio durante o período da subasta para que realice as funcións de control e vixilancia, e non autorizará a mais persoas ou empresas para a realización da primeira venda que as que reúnan os requisitos establecidos na normativa vixente, debendo estar estes datos a disposición da Consellería do Mar.
2. O xestor da lonxa requirirá, por medio do persoal designado, a tódalas persoas ou entidades que pretendan vender na lonxa, que veñan doutros centros de descarga ou lonxa, o correspondente documento de transporte, debendo comprobar que éstas compren coa lexislación vixente, e que se corresponden co produto que amparan. No caso de inexactitude nos datos, levantará a correspondente acta e o comunicará urxentemente á Consellería competente en inspección pesqueira, paralizando a mercadoría sen poxala.
3. No prazo máximo de 48 horas despois da venda, o xestor da lonxa deberá remitir, á Consellería competente en materia de pesca, en soporte informático, as notas de venda emitidas, sendo responsable da súa expedición e entrega, así como dos datos contidos en cada unha das notas. Así mesmo remitirá os documentos de transporte emitidos pola entidade xestora á Consellería, no mesmo prazo.
4. O xestor da lonxa levará o control da descarga, expedición de documentos, comunicación de datos e etiquetaxe dos produtos pesqueiros debendo facelo conforme a lexislación vixente.
5. Efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Non obstante, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte das mesmas por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino, coa obtención previa da guía de descarga e baixo as condicións de transporte que se especifican no artigo seguinte.





6. O xestor de lonxa deberá levar un rexistro de compradores autorizados para participar na primeira venda, debendo comprobar que se atopen dentro dos colectivos contemplados na normativa vixente, prohibindo a compra aos particulares en cantidade superior aos tres quilos de produto, a excepción do cefalópodo (choco) xa que dito produto vai clasificado polos distintos tamaños en caixas de poliespán cunha cantidade máxima de cinco quilos por caixa.
7. O xestor da lonxa deberá prohibir a venda de toda especie de tamaño ou peso inferior o regulamentario e daquelas especies que estean en veda ou con prohibición expresa de extracción. Estas especies serán retidas polo persoal xestor da lonxa, dándolle conta á Consellería competente en materia de inspección pesqueira aos efectos oportunos.
8. O local que se habilite polo xestor da lonxa para a realización da primeira venda deberá cumprir toda a normativa técnico - sanitaria vixente para este tipo de establecementos, debéndose facilitar á consellería competente en materia de pesca, previamente á autorización, certificación, licenza ou autorizacións pertinentes outorgadas polas autoridades competentes.
9. O xestor da lonxa será responsable do cumprimento da normativa contida no Regulamento 1224/2009 do 20 de novembro polo que se establece un réxime de control aplicable a política pesqueira común, o Real Decreto 418/2015 do 29 de maio polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria (BOE núm. 185, do 03/08/2013), o Decreto 419/93 polo que se refunde a normativa vixente en materia de comercialización pesqueira modificado polo Decreto 101/2006, a Orde do 8 de febreiro de 2008 (DOG núm. 52, do 13/03/2008) pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos, modificada por: orde do 10 de xuño de 2008 (DOG num. 114, do 13/06/2008), orde do 11 de decembro de 2008 (DOG





num. 243 do 16/12/2008), orde do 2 de febreiro de 2010 (DOG num. 26 do 09/02/2010) e a orde do 8 de febreiro de 2016 (DOG núm. 41, do 01/03/2016).

10. O xestor da lonxa retornara o 1% das vendas efectuadas á confraría na que estea integrado o armador que venda o seu produto nese local.
11. Os produtores ou vendedores da lonxa cobrarán segundo a periodicidade que estableza o xestor da mesma.
12. En todo caso, os pagos aos produtores ou vendedores serán en data anterior ao cobro ós clientes.
13. A forma de pago aos vendedores realizarase mediante transferencia bancaria, agás naqueles casos suficientemente xustificadas e previa petición por escrito. Neste suposto, os pagos realizaranse por calquera dos mecanismos de pago que deixen constancia do aboamento da cantidade obtida na poxa, como talón, transferencia ou cheque.





DA COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DA LONXA

O funcionamento da lonxa estará sometida a control e decisións da Xunta Xeral da Confraría. O representante legal do xestor da explotación da lonxa será o Patrón Maior.

Unha copia do presente regulamento presentarase ante a Consellería competente en materia de inspección pesqueira.

Reunida a Xunta Xeral da Confraría de Pescadores de Muxía como órgano xestor da lonxa, o día 11 de Outubro do ano 2018, aprobase o presente Regulamento.

O Sog

VºBº Patrón Maior

Asdo: Natxo Castro

Asdo: .Daniel Castro Fernández

